



## A TROPA DE TRAPO

### Contos e música

#### · Que é A TROPA DE TRAPO?

Tal como pasa cos contos, non se sabe moi ben cando naceu **a Tropa de Trapo**. O certo é que tanto Marta coma Brais, que compoñemos esta curiosa tropa, xa levabamos anos relacionados co mundo dos contos, da oralidade e da literatura, cada un polo seu lado.

Foi no **2006** cando coincidimos, entre as rúas molladas de Compostela. E como a zona vella non é tan grande como para non atoparse, acabamos por xuntarnos : Marta coas súas palabras e Brais coa súa música. E pouco a pouco foi collendo forma o que hoxe é **A Tropa de Trapo**.

Música en directo e historias reais, de vacas, de desertos, de empanadas, de periferias, de cidades que non durmen, de panaderías que soñan con teatro, de xente anónima e cotiá, de nós mesmos, doutras culturas...

Buscamos historias que digan algo, que fagan reflexionar. Relatos humildes e cercanos, pensados para o público adolescente, sobre as súas inquedanzas e dúbidas. Dende a liberdade, o medo ou a orientación sexual, ata a solidariedade, ser muller, a represión, a esperanza...

#### · Cal é a nosa proposta?

Os nosos espectáculos teñen todos un formato de **2 horas**. Na **1º hora** facemos unha sesión de **contos**, e na **2ª, un obradoiro** no que desenvolvemos cousas que se tratasesen nos contos da hora anterior.

O **prezo** polas **2 horas** (*1h contos + 1h obradoiro*) é de **350 euros**.

· Os nosos espectáculos :

Actualmente temos 3 distintos:

- *A HORA AZUL* para ESO e Bacharelato
- *CONTOS SEN MEDO (Relatos sobre a liberdade)* para Bacharelato
- *CONTOS COAS MANS ABERTAS* de 3º da ESO a 2º de Bacharelato

Cada un deles co seu obradoiro específico, no que traballamos dende a expresión corporal á creación colectiva, pasando por exercicios de improvisación teatral ou de reflexión en grupo.

· Vídeos, fotos, música... da *TROPA DE TRAPO*

Podedes atopar vídeos sobre os espectáculos, a música de cada espectáculo, resumos dos contos, os instrumentos que empregamos, a nosa axenda, opinións de profesores e alumnos que xa nos viron... e máis en:

<http://tropadetrapo.blogaliza.org>

